

Partido correspondente a 22ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó Concello de Ponteceso F.S.F e o C.F.S.F O Pino, encontro disputado o sábado 19 de marzo ás 20:00 horas no Pabillón Municipal de Corme, que finalizou co resultado de 0-4 a favor do equipo visitante.

ALINEACIÓNS:

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Cris Santos, Mónica e Martina (cinco inicial). Tamén xogaron, Chris, Paula e Carmen.

C.F.S.F. O PINO.- María Belén, Milagros, Mª del Carmen, Cecilia e Beatriz (cinco inicial). Tamén xogou Laura, Iria e Vanesa..

GOLES:

0-1 (min. 29)

0-2 (min. 33)

0-3 (min. 35)

0-4 (min. 49)

Arbitro: Guerra Domínguez, Iván (Delegación de A Coruña). Mostrou taxetas amarelas a Cris Santos, Silvia, Chris e a Jose Barca por parte Pontecesán e a Laura por parte de O Pino.

Instalación: Pabillón Municipal de Corme ante uns 60 espectadores aproximadamente.

Partido moi trabado o visto na tarde noite do sábado no Municipal de Corme. O Ponteceso, como ven sendo costumbre nas últimas xornadas, mantén a plaga de lesións e problemas de varias xogadoras para poder xogar. O que fixo que en este partido se desplazaran 6 xogadoras de campo, das cales Martina xogou lesionada e Carmen e Chris xogaron levando máis de un mes sen entrenar polo falecemento dun familiar.

Con esta panorama, o equipo Pontecesán saíu ó campo coa premisa fundamental de defender forte e saír ó contragolpe cando tivera ocasión, e así transcurriu toda a primeira parte, ademais das lesións xa existentes, Martina, nos primeiros minutos do partido, recae nunha lesión muscular e o equipo Pontecesán queda sen cambios.

O pino intentaba una e outra vez perforar á defensa Pontecesán, pero unhas veces as xogadoras de campo e outras o bó facer de Salomé, fixeron que se chegara ó descanso co empate a cero no marcador.

Nesta parte foi moi protestado polos dous equipos o colexiado, posto que sempre se equivocaba nas decisións. E como él dixo "aínda que me dé cuenta que me he equivocado, lo pitado, pitado está y no se puede cambiar".

Con este panorama comenzaba a segunda parte de igual maneira que rematou a primeira, as santiaguesas levaban ó peso do partido e as Pontecesáns defendíanse con orde e bastante estáticas para aguantar sen cambios o resto do partido.

O árbitro seguía facendo das súas, posto que en dúas ocasións, nun córner moi claro a favor das Pontecesáns e todas as xogadoras, locais e visitantes, se colocan para sacalo, o árbitro pita ó revés, saque de porta para as visitantes sin que as xogadoras se dean cuenta, e as santiaguesas máis pillas que as Pontecesáns sacan rápido, encaran soas a Salomé e a punto están de abrilo marcador, pero Salomé volvíu a solucionar con acerto.

Foi no minuto 4 deste segundo tempo, cando as santiaguesas se adiantarían no marcador, foi nunha boa xogada colectiva de o Pino, axudada por una fallo na marcaxe da cierre local, que fixo que Cecilia, encarara a Salomé e subirá o primeiro da tarde ó marcador.

Non se viñeron a baixo as xogadoras de Barca e Curro, e nos seguintes minutos, subiron líneas e tiveron tres boas ocasións para marcar, dúas en xogadas ensaiadas de córner e saque de banda, e a outra nunha boas acción de Carmen e Chris que reaparecían despois de ausentarse nos últimos 4 partidos.

Cando mellor estaban xogando ás Pontecesáns, chegaría a xogada polémica da partido. Xogada típica da pivót visitante, pugnando coa cierre pontecesán de espaldas a portería no borde da área, intenta girarse para chutar a portería e o balón váiselle pola línea de fondo, a xogadora marcha correndo para o seu campo para facer o repliegue defensivo, e despois de pitar varias veces o árbitro o que todos pensamos que é saque de meta, cando ámbolos equipos, nos damos conta de que o que pita é penalti, ante o asombro de locais, visitantes e público. Salomé, noutra boa intervención, pararía o tiro de penalti pero Laura marcaría no rechace ó segundo da tarde.

Dous minutos despois, e pola pérdida de concentración das locais por todas estas acción, chegaría o terceiro das santiaguesas.

A partir de ahí, as locais foron descaradamente ó ataque pero aínda que tiveron varias ocasión, non foron quen de marcar.

Sí o fixeron as visitantes. No último minuto de partido e aproveitando un ha boa contra cando as locais in tentaban conseguilo gol da honra.

Destacar a boa primeira parte defensivamente das locais, a pesar das numerosas e importantes baixas que ten o equipo. E destacar que as Pontecesáns, si manteñen a concentración, son un equipo difícil de batir, pero do contrario, son un boneco en máns dos rivais.

A próxima xornada o Concello de ponteceso desplázase a Sobrado para enfrontarse ó equipo local, segundo clasificado na liga o vindeiro sábado.